Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 16/04/2021 12:45:37
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Número 125
16 de abril de 2021

CSV: BOPGDSPGrDjbfcmqf5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa
1.1.2. Propostas de normas
1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Acordo do Pleno do Parlamento, do 13 de abril de 2021, polo que se toma en consideración a Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero 50406

1.3. Procedementos de control e impulso
1.3.5. Mocións
1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

13643 (11/MOC-000034)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sector eólico en Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación nº 8063, publicada no BOPG nº 83, do 27.01.2021, e debatida na sesión plenaria do 23.03.2021) 50406

13656 (11/MOC-000035)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo
Sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación con causas seguidas na Audiencia Nacional. (Moción consecuencia da Interpelación nº 2842, publicada no BOPG nº 27, do 07.10.2020, e debatida na sesión plenaria do 23.03.2021) 50406

13658 (11/MOC-000036)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos prezos do alugueiro de vivenda en Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación nº 3673, publicada no BOPG nº 33, do 21.10.2020, e debatida na sesión plenaria do 23.03.2021) 50407

1.3.6. Proposicións non de lei
1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno
1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación con modificacións

10804 (11/PNP-001062)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia

CSV: BOPGDSPGrDjbfcmqf5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol 50407

13636 (11/PNP-001332)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sanz Arias, Cristina e trece deputados/as máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co Real decreto lei 5/2021, do 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta á pandemia da covid-19 50407

Rexeitamento da iniciativa

9291 (11/PNP-000930)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e González Albert, María
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia coa finalidade do recoñecemento do Bierzo como provincia 50408

12381 (11/PNP-001220)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos recoñecementos do grao de discapacidade revisados nos anos 2019 e 2020 e as valoracións telefónicas que se están a realizar para a súa obtención 50409

13553 (11/PNP-001319)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa proposta de eliminación das patentes dos produtos que hai para a loita contra a covid-19 e a adquisición das vacinas que superasen os preceptivos controis sanitarios 50409

13599 (11/PNP-001325)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector mar-industria-alimentario 50409

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizo

Aprobación por unanimidade con modificacións

12616 (11/PNC-001285)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPGrDjbfcmqf5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas melloras iniciadas na liña ferroviaria de ancho métrico Ferrol-Xixón 50409

Aprobación por unanimidade sen modificacións

12630 (11/PNC-001288)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Nóvoa Iglesias, Marta e seis deputados/as máis
Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central do inicio da redacción do proxecto de construción dunha nova estación ferroviaria de mercadorías no polígono industrial de San Cibrao das Viñas, na provincia de Ourense 50410

Rexeitamento da iniciativa

8525 (11/PNC-000898)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e tres deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación laboral en que se atopan os condutores da liña de transporte público colectivo Santiago-Aeroporto-Santiago, anteriormente inserida na liña Lugo-Santiago, con anexos 50410

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Aprobación por unanimidade sen modificacións

11979 (11/PNC-001216)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa problemática que está a padecer a veciñanza do concello de Cartelle como consecuencia da demora na entrega dos títulos de propiedade tras o remate da concentración parcelaria 50411

Rexeitamento da iniciativa

12519 (11/PNC-001278)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e tres deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación da muller no rural 50411

CSV: BOPGDSPGrDjbfcmqf5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

2.3.2.2. Creación de órganos parlamentarios

2.3.2.2.1. Solicitude de creación de comisións

Acordo do Pleno do Parlamento, do 13 de abril de 2021, en relación coa solicitude de constitución dunha comisión de investigación sobre a participación do Partido Popular de Galicia no financiamento ilegal e na «caixa b» do Partido Popular 50412

CSV: BOPGDSPGrDjbfcmqf5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa
1.1.2. Propostas de normas
1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Acordo do Pleno do Parlamento, do 13 de abril de 2021, polo que se toma en consideración a Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

O Pleno do Parlamento, na sesión do 13 de abril de 2021, adoptou o seguinte acordo:
Toma en consideración polo Pleno do Parlamento

- 11910 (11/PPL-000006)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
BOPG nº 105, do 3.03.2021

Sometida a votación, é aprobada pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes, polo que se toma en consideración.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

O Pleno do Parlamento, na sesión do 13 de abril de 2021, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso
1.3.5. Mocións
1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

- 13643 (11/MOC-000034)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sector eólico en Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación nº 8063, publicada no BOPG nº 83, do 27.01.2021, e debatida na sesión plenaria do 23.03.2021)
BOPG nº 118, do 31.03.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 13656 (11/MOC-000035)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPGrDjbfcmqf5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Arangüena Fernández, Pablo
Sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación con causas seguidas na Audiencia Nacional. (Moción consecuencia da Interpelación nº 2842, publicada no BOPG nº 27, do 07.10.2020, e debatida na sesión plenaria do 23.03.2021)
BOPG nº 118, do 31.03.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 13658 (11/MOC-000036)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos prezos do alugueiro de vivenda en Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación nº 3673, publicada no BOPG nº 33, do 21.10.2020, e debatida na sesión plenaria do 23.03.2021)
BOPG nº 118, do 31.03.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6. Proposicións non de lei
1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno
1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación con modificacións

- 10804 (11/PNP-001062)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol
BOPG nº 101, do 24.02.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a exixir do Goberno do Estado encargar aos estaleiros de Navantia en Ferrol a construción dun BAM (buque de acción marítima) para a Armada Española, que permita dotar de carga de traballo inmediata a ría de Ferrol, tanto para o cadro de persoal principal como para a industria auxiliar.»

13636 (11/PNP-001332)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia

CSV: BOPGDSPGrDjbfcmqf5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sanz Arias, Cristina e trece deputados/as máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co Real decreto lei 5/2021, do 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta á pandemia da covid-19
Publicación da iniciativa, BOPG nº 118, do 31.03.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 59 votos a favor, ningún en contra e 12 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España:

1. Máxima urxencia na tramitación e sinatura do convenio coa Xunta de Galicia para a transferencia de fondos derivado do Real decreto lei 5/2021, do 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta á pandemia da covid-19, para unha maior axilidade e eficiencia das axudas.

2. Modificación dos criterios de repartición para que non penalice na distribución dos fondos a Comunidade galega, achegando, conforme o sistema de financiamento autonómico e a porcentaxe de persoas traballadoras autónomas existentes en Galicia, un mínimo de 340 millóns de euros.

3. Ampliar os CNAE previstos no Real decreto lei 5/2021, do 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta á pandemia da covid-19, a outras actividades non incluídas e que pertencen a sectores moi afectados polo impacto da covid-19.

4. Reconsiderar os requisitos de xustificación de gasto previstos no Real decreto lei 5/2021, do 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta á pandemia da covid-19, por tratarse dunha norma que regula axudas directas ás empresas e aos profesionais que deben chegar coa maior celeridade posible.

5. Revisar o criterio de exclusión das axudas a aquelas empresas que conten cun resultado negativo dun só ano, no exercicio de 2019, así como que este criterio sexa incondicionado, sen ter en conta outros parámetros.»

Rexeitamento da iniciativa

- 9291 (11/PNP-000930)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e González Albert, María
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia coa finalidade do recoñecemento do Bierzo como provincia
BOPG nº 88, do 03.02.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 19 votos a favor, 52 en contra e ningunha abstención.

CSV: BOPGDSPGrDjbfcmqf5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 12381 (11/PNP-001220)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos recoñecementos do grao de discapacidade revisados nos anos 2019 e 2020 e as valoracións telefónicas que se están a realizar para a súa obtención
BOPG nº 112, do 17.03.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.

- 13553 (11/PNP-001319)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa proposta de eliminación das patentes dos produtos que hai para a loita contra a covid-19 e a adquisición das vacinas que superasen os preceptivos controis sanitarios
BOPG nº 118, do 31.03.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 19 votos a favor, 40 en contra e 12 abstencións.

- 13599 (11/PNP-001325)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector mar-industria-alimentario
BOPG nº 118, do 31.03.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizo

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do 15 de abril de 2021, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 12616 (11/PNC-001285)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel

CSV: BOPGDSPGrDjbfcmqf5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas melloras iniciadas na liña ferroviaria de ancho métrico Ferrol-Xixón
BOPG nº 112, do 17.03.2021

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que continúe coas melloras iniciadas no ferrocarril Ancho Métrico Ferrol-Xixón, incluíndo actuacións nos seguintes ámbitos: limpeza, roza e mellora da liña; mantemento e mellora das estacións; estudo de posibles novas estacións e apeadoiros en función da demanda; mellora progresiva do material rodado; revisión das frecuencias actuais conforme a recuperación da demanda e o establecemento de procedementos claros de actuación no caso de que se produza calquera tipo de incidencias nos que primen a calidade do servizo e o confort dos usuarios.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 12630 (11/PNC-001288)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Nóvoa Iglesias, Marta e seis deputados/as máis
Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central do inicio da redacción do proxecto de construción dunha nova estación ferroviaria de mercadorías no polígono industrial de San Cibrao das Viñas, na provincia de Ourense
BOPG nº 115, do 24.03.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España, a través do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, que inicie a redacción do proxecto dunha nova estación ferroviaria de mercadorías no polígono Iidustrial de San Cibrao das Viñas, na provincia de Ourense, liberando espazo da estación de Ourense-Empalme e contribuíndo a facer cidade.»

Rexeitamento da iniciativa

- 8525 (11/PNC-000898)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e tres deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación laboral en que se atopan os condutores da liña de transporte público colectivo Santiago-Aeroporto-Santiago, anteriormente inserida na liña Lugo-Santiago, con anexos
BOPG nº 82, do 26.01.2021

CSV: BOPGDSPGrDjbfcmqf5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2021
María Montserrat Prado Cores
Vicepresidenta 2ª

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na súa sesión do 15 de abril de 2021, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 11979 (11/PNC-001216)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa problemática que está a padecer a veciñanza do concello de Cartelle como consecuencia da demora na entrega dos títulos de propiedade tras o remate da concentración parcelaria
BOPG nº 108, do 10.03.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que solucione, de forma urxente, a problemática que sofren os veciños e veciñas do municipio de Cartelle na provincia de Ourense, que, a pesar de finalizar a concentración parcelaria entre o ano 2006 e 2007, aínda non dispoñen dos títulos de propiedade.»

Rexeitamento da iniciativa

- 12519 (11/PNC-001278)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e tres deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación da muller no rural
BOPG nº 112, do 17.03.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2021
María Montserrat Prado Cores
Vicepresidenta 2ª

CSV: BOPGDSPGrDjbfcmqf5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior
2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior
2.3.2.2. Creación de órganos parlamentarios
2.3.2.2.1. Solicitude de creación de comisións

Acordo do Pleno do Parlamento, do 13 de abril de 2021, en relación coa solicitude de constitución dunha comisión de investigación sobre a participación do Partido Popular de Galicia no financiamento ilegal e na «caixa b» do Partido Popular

O Pleno do Parlamento, na sesión do 13 de abril de 2021, adoptou o seguinte acordo:
Acordo desestimatorio

- 13804 (11/SCI-000005)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Solicitude de constitución dunha Comisión de Investigación sobre a participación do Partido Popular de Galicia no financiamento ilegal e na «caixa b» do Partido Popular
BOPG nº 122, do 08.04.2021

Sométese a votación a solicitude e resulta desestimada por 30 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPGrDjbfcmqf5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPGrDjbfcmqf5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGrDjbfcmqf5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/